

Investigación

- Moitos dos xogos que hai no Centro de interpretación do colexio da Capela son algúns dos que xogaban os teus familiares maiores. Tamén eran practicados ás veces na escola. Entre todos imos facer unha pequena recolleita destes xogos, recuperándoos da memoria dos nosos maiores. Pregunta aos teus avós, pais, tíos, que outros xogos practicaban de pequenos e cubre unha ficha para cada xogo.

nome/s do xogo			
materiais necesarios para practicalo			
número de xogadores/as			
xogadores/as	nenas	nenos	mulleres	homes
lugar/es de xogo			
época/s do ano na que se xogaba	primavera	verán	outono	inverno
informante/s			
descrición do xogo			

Xogos Tradicionais




Unidade Didáctica

ideada por
Secundino García
Xabier López

Debuxos de
 Cuchi Souto
 Deseño de
 Manel Rives

Brinquetas



Lisca, tristura!
Non me fas avío
anque bote papas
e apande a cotío

Bule, brinquetas!
coas bólas ao gua
dou truque e matruque
día, noite e serán

Tróupele, tróupele
lixeiro, espelido
trala billarda
petando con brío

Sempre á xogueta,
inverno e verán
vira a buxaina
co ferrón no chan

Anxela Loureiro



O meu xogo preferido

- No colexio da Capela practicaches varios xogos tradicionais. Escolle o que máis che gustou e completa a ficha que tes de seguido:

nome do xogo
materiais
sistema/s de sortes
desenvolvemento
variantes

Pasatempos

- Sopa de letras: localiza os nomes de dez xogos tradicionais.



- Observa os paneis dos xogos para descubrir o nome do Centro de Interpretación que podes atopar en vertical neste damerograma.

Choutando sobre o lombo dunha persoa

que panda xógase ás

Impúlsase rolando cunha guía

Xogando, lánzase unha pelota coas mans

Cun palán e a billa xógase á

Un xogador da porca chámase


O xogo da mariola tamén se chama

O trompo é o

O "Rei, rei" é un xogo de


Os "birlos ao canteiro" son unha modalidade de

Paus de madeira cuns topes para pousar os pés



Pasatempos

- Encrucillado: compléatoo cos nomes dos xogos tradicionais que aparecen nos debuxos.



Xogamos en Galego

- “**Botar papas**”, “**Apandar**” son expresións que indican accións relacionadas cos xogos de sempre. Pero tamén outras oito das doce que veñen de seguido; subliñaas:

brincar gabear mazar escarvar xantar librar
randear cantar apreixar choutar asubiar esvarar

EW

- Escribe unha frase con cada unha desas oito palabras subliñadas na actividade anterior.

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____
8. _____

EW

- “**Dou truque, matruque**” é unha expresión que se di no xogo das bólas “O gua”. Pregunta na casa ou na escola e indica outras expresións que se digan noutros xogos (“Goma”, “A corda” ...). Esta actividade debes realizala despois de ter ido á Capela.

EW

Traballamos o poema “Brinquetas”

- Explica o que significan cada un dos cinco primeiros versos.

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____

EW

- Escribe os nomes dos tres xogos tradicionais que aparecen no poema.

1. _____
2. _____
3. _____

EW

- Busca no texto e despois indica os nomes das partes do día e os das estacións do ano.

partes do día

estacións

- | | |
|----------|----------|
| 1. _____ | 1. _____ |
| 2. _____ | 2. _____ |
| 3. _____ | |

EW